

25 de novembro de 2006

“ Día Internacional contra a violencia cara as mulleres”

As mulleres de EU-IU, este 25 de novembro, **ESIXIMOS** que se amplíe o marco de actuación en políticas de Violencia de Xénero, o desenvolvemento e a dotación necesaria para que as medidas contidas na chamada Lei Integral e no resto do marco lexislativo nesta materia, se APLIQUEN de forma efectiva.

Pasado o primeiro ano de execución da Lei, compartimos a decepción pola mínima incidencia que contra a violencia de xénero está tendo. Parte de este fracaso débese ó que xa no seu momento, moitas mulleres advertimos: que esta Lei non suporía ningún avance substancial contra a erradicación da violencia de xénero, porque non tiña un carácter realmente integral e non recollía nin de forma substancial nin prioritaria as medidas destinadas á detección e prevención da violencia contra as mulleres.

Ademais, a lei, limitábase case exclusivamente á chamada “violencia doméstica”, sen desenvolver o resto das facetas nas que se manifesta a violencia de xénero, marxinando e excluindo á maioría das mulleres vítimas da violencia, ó establecer como requisito imprescindible a solicitude e obtención da “orden de protección”, para poder acceder ós recursos e prestacións que na Lei se recollen.

Unha Lei que está enfocada principalmente a penar a brutalidade física, esquivando intencionadamente todos os aspectos estruturais que definen á violencia contra as mulleres, está condenada ó fracaso. Se, ademais, deixa á inmensa maioría das mulleres vítimas de violencia fóra da súa aplicación, e se a isto engadimos a escasa asignación presupostaria no 2006 e o escandaloso detrimento proposto polo goberno para o 2007, atopámonos nunha situación pouco esperanzadora.

Polo tanto, **débese abordar unha profunda modificación lexislativa** que afonde en todas as formas en que se manifesta a violencia contra as mulleres, porque a violencia se mostra de múltiples modos e en todos os lugares do mundo:

- ✓ Non todas as manifestacións contra a guerra conlevan o rexeitamento ós danos provocados contra as mulleres, pola súa condición de esposas, fillas, irmáns de ... ;
- ✓ non todas as protestas contra a globalización teñen asumida a feminización da pobreza, nin a migración forzada das mulleres a causa da súa pobreza acentuada;
- ✓ non todas as declaracións contra o tráfico de mulleres contemplan a prostitución como o seu motivo, a explotación sexual das mulleres como causa da desigualdade;

- ✓ non todas as investigacións históricas, lembran as mulleres esquecidas a pesar das súas achegas;
- ✓ non todos os alegatos a favor dunha cultura popular, teñen en mente ás mulleres arrincoadas a pesares da súa valía; ...

Por estes motivos, as mulleres de EU-IU esiximos

- ✓ un marco legislativo e social que estea enfocado a xerar unha conciencia que condene o menor atisbo de discriminación por razón de sexo;
- ✓ uns presupostos xerais que teñan como prioridade unha sociedade máis xusta e sen violencia;
- ✓ unha verdadeira educación non sexista, onde as nenas e os nenos teñan presentes e futuros coas mesmas posibilidades;
- ✓ uns medios de comunicación de calidade, onde las mulleres aparezan como suxeitos e non como obxectos;
- ✓ medidas eficaces para erradicar a escravitude do século XXI e impedir o lucro de proxenetas e prostituidores;
- ✓ unha revisión da Historia, para repoñer a verdade dos feitos e das súas protagonistas.

E esiximos unha ampliación efectiva de contidos e obxectivos da Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que inclúa todo tipo de Violencia de Xénero.

- ✓ Un desenvolvemento efectivo de medidas e actuacións destinadas á prevención e detección precoz.
- ✓ Un cambio radical na forma de acreditar ser "muller en situación de violencia de xénero", para poder acollerse ós recursos contemplados na Lei.
- ✓ Unha inclusión sen discriminación das mulleres inmigrantes vítimas de violencia, á marxe da súa situación administrativa.
- ✓ Un desenvolvemento dos contidos xerais, e de forma preferente en Saúde e Educación.
- ✓ Un desenvolvemento territorial que non xenere desigualdades.

En definitiva, unha Lei realmente Integral contra a Violencia de Xénero, que sexa unha ferramenta útil para de forma coordinada e coa implicación de todos e todas, podamos erradicar das nosas sociedades a violencia cara as mulleres.

¡NON MÁIS VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES!